

64

- ○ ○ ○ ○ EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ○ ○ EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ○ ○ CREATIVIDADE
- ○ ○ ○ ○ VOCABULARIO
- ● ● ○ ○ ESCOITA ACTIVA
- ● ○ ○ ○ TRABALLO EN GRUPO
- ● ○ ○ ○ DIFICULTADE

15 ou máis participantes  
15 minutos

Xogo en roda

Grupo. Distensión

## DIRECTOR DE ORQUESTRA

## MATERIAIS

Non precisa materiais.

## ESPAZO

Espazo para facer unha roda.

## DESCRIPCIÓN

O grupo sitúase en roda. Unha persoa sae da roda e vai onde non escoite. Daquela a roda escolle unha persoa que será "Director da Orquestra". Canto esta persoa faga o resto da roda débeo repetir, e cómpre facer o posible para non ser demasiado evidente. Unha vez decidido, iníciase un ritmo ou movemento, e convídase á persoa que saíra a que volva para o centro da roda e intente adiviñar quen leva a dirección da orquestra.

